



festival FEITO A MAN ²⁰¹⁷

Celebrando a Narf

Compostela / do 3 ao 30 de agosto
Música ao vivo en prazas e terrazas da zona vella

WWW.FESTIVALFEITOMAN.GAL



Asociación Cidade Vella:

CAMALEA, MODUS VIVENDI, ATLÁNTICO, FRAGGLE ROCK, CHOCOLATE, C POZO, CASA DAS CRECHAS, LITERARICS, A GRAMOLA, KAPITAL, BORRIQUITA DE BELÉM, XUNTANZA, A CALDEIREIRÍA, SCQ, A REIXA, EMBORA, MÓMO... A RÚA.

Colaboran co Feito a Man: A MEDUSA, MOHA, A CARRILANA, SÉCULO IX, PAFAIÑO PERDIDO, DAMA JUANA, Hostel-Bar SUSO, Bar Deportivo A LIGA

ORGANIZA a A.C. Cidade Vella CO APOIO do concello de Santiago de Compostela

Patrocinan

Colaboran:





FEITO A MAN

Feito a Man é un **festival de rúa** que nace no ano 2003 e que está organizado pola ASOCIACIÓN CULTURAL CIDADE VELLA nos espazos singulares da cidade de Santiago de Compostela e que quere ser unha mostra da creación emerxente que se produce na cidade e máis aló.

Durante o mes de agosto, Feito a Man deseña e pon en escena un ciclo continuado de actuacións no que caben **actividades artísticas de diverso xénero**: música, cabaret, instalacións, performance, teatro, DJs... Un festival de **diversidade**. Un fenómeno espacial onde interactúan os suxeitos dunha colectividade a través da creación.

Un dos obxectivos fundamentais do festival Feito A Man é dar a coñecer e difundir a capacidade creativa da cidade e o potencial da cidade vella como entorno excepcional para o seu posicionamento e visibilización. Así mesmo, tamén se busca a implicación activa na dinamización cultural de Compostela e o compromiso coas manifestacións artísticas máis diversas, servindo como plataforma e vínculo entre os universos creativos e as xentes que habitan as rúas da cidade.

Os escenarios de Feito a Man son as rúas e prazas da cidade histórica de Compostela que se converten nun marco singular para deixar o protagonismo ao artista, o espectador, o espazo e as sinerxias que entre eles se producen.

O Feito a Man está organizado e producido pola **Asociación Cultural CIDADE VELLA**, que reúne locais de hostelería da zona vella compostelana cun compromiso claro coa cultura e coa cidade, desde hai case 30 anos. A aposta pola singularidade, pola diversidade, pola creatividade, polo propio e polo alleo, pola xente e pola festa son os ingredientes recollidos paseniño ao longo destes anos.

A Asociación Cultural Cidade Vella actualmente somos: **CAMALEA, MODUS VIVENDI, ATLÁNTICO, FRAGGLE ROCKm CHOCOLATE O POZO, CASA DAS CRECHAS, LITERARIOS, A GRAMOLA, KAPITAL, BORRIQUITA DE BELÉM, XUNTANZA, A CALDEIRERÍA, SCQ, A REIXA, EMBORA e MOMO... A RÚA.**

Esta edición de 2017 conta co apoio do Concello de Santiago de Compostela, a Deputación da Coruña e Estrella Galicia. Como colaboradores figura O Dezaseis, Tórculo e Schweppes.



FEITO A MAN 2017

do 3 ao 30 de agosto

Setenta e oito concertos e outras tantas bandas e/ou artistas volverán encher as rúas e prazas da Cidade Vella compostelá. Chega esta semana a décimo cuarta edición do Feito a Man, o festival de rúa organizado pola Asociación Cultural Cidade Vella que terá lugar do 3 ao 30 de agosto, con máis días de programación, máis concertos e máis artistas.

Polo Feito a Man deste ano, o máis longo e abondoso de todos os que se teñen celebrado, Por el pasarán máis de 70 propostas artísticas diferentes de diversos estilos musicais: pop, rock, blues, jazz, hip hop, música tradicional galega...

Dous concertos especiais

Esta última dous concertos de maiores dimensións -e de pagamento-: o 20 de agosto un concerto dos escoceses **Shooglenifty coa Banda das Crechas e as Tanxugueiras**, que levará o nome de '**Noite para Angus**', o violinista da banda escocesa que tanta relación tiña con Galicia; e o día 30, para fechar o festival, terá lugar o espectáculo '**Camiñar sen fin. Concerto para Narf**', no que participarán dúas de artistas do mundo da música e das artes escénicas que farán un percorrido pola carreira de Fran Pérez, 'Narf'.

Bandas locais e internacionais

Nestes 28 días de programación continuada, con dous ou tres concertos diarios en diferentes puntos da cidade, poderemos ver concertos de moitos xéneros musicais e tamén de distintas procedencias.

Tal e como é sinal de identidade desde o comezo da propia existencia deste festival, continuamos a promover a escena local cunha programación na que se prima o talento de proximidade. Así, poderemos escoitar bandas como **Oh Ayatollah, Espiño, Som do Galpóm, Os d'Abaixo, Valentin Caamaño Trío, Trifasic, Zapa, Chocolate band, Mojo Experience, Pablo Sanmamed Trío, Alô Django, Garcia Mc, The Neighbour, Banda das Crechas, Grůvzilla, Leira Catro, The Show Bass, Puma Pumku, Noe Black** ou **Tres Pesos**.

Alén disto, tamén poderemos ver bandas internacionais como **Quique Escamilla** (Canadá/México), **Kyekyeku** (Ghana), **Kamankola** (Cuba), **DJ Najle** (Colombia), **Cygne** (California, EEUU), **Kaela Rowan Band** (Escocia), **Haema** (Portugal), **Michelle Alany and the Mystics** (EEUU), **Scratchy Sounds** (Inglaterra), **Mongrel State** (Irlanda) ou **Luiz Caracol** (PT).

PROGRAMACIÓN

XOVES 3

- 20.00 Rúa Xelmírez: **GOLD & COLT** (Folk americano, delta blues)
 21.30 Praza de Cervantes: **QUIQUE ESCAMILLA** - Chiapas (Música mexicana, rock)
 + **KYFKYFKU** - Ghana (palmwine music, afrobeat, highlife)

VENRES 4

- 13.30 Praza de Cervantes: Sesión vermú **VAI EN TIÑ CAAMAÑO TRÍO** (jazz)
 20.00 Praza de Feixóo: **QUIQUE ESCAMILLA** - Chiapas (Música mexicana, rock)
 22.00 Praza da Quintana: **LOIROS** (jazz progresivo, rock)

SÁBADO 5

- 14.00 Trás San Fiz de Solovio: Sesión vermú **COMPANHIA DO RUÍDO** (folk-ska)
 20.00 Vía Sacra: **KYEKYEKU** - Ghana (palmwine music, afrobeat, highlife)
 22.00 Praza de San Paio: **PARDO** (folk americano, blues)

LUNS 7

- 20.00 Praza de Feixóo: **KAMANKOLA** - CUBA (músicas cubanas, rap, fusión)
 21.15 Praza da Quintana: **TRIFASIC** (rock'n'roll, pop)
 22.30 Trás Salomé: **FRIANGA** (free jazz)

MARTES 8

- 20.00 Vía Sacra: **ANDRIFA AND THE BLACK CATS** (blues, funk, soul)
 22.00 San Paio de Antealtares: **HOT CLUB OF SPAIN** (Gypsy Jazz, Swing)

MÉRCORES 9

- 13.30 Rúa Nova (Mula): Sesión vermú **PABLO SANMAMED TRÍO** (Jazz)
 20.00 Praza de Abastos (Santo Agostiño): **CHOCOLATE DAND** (rock'n'roll, swing)
 22.00 Praza de Mazarelos: **ZAPA** (rock) + **MOJO EXPERIENCE** (soul, blues, rock)

XOVES 10

- 13.30 Rúa do Vilar (Hostal Suso): Sesión vermú **ALÔ DJANGO TRÍO** (gypsy jazz, swing)
 20.00 Praza dos Gatos: **GARCÍA Me & NACIÓN QUILOMBO** (rap)
 22.00 Praza de San Martiño Pinaric: **SOM DO GALPÓN** (rap, reggae, funk)
 + **BRINKADELIA** (ska, reggae, mestizaxe)

VENRES 11

- 13.30 Fonte de San Miguel (Pub Atlántico): Sesión vermú
 Cafa **lalla** de vermouths + licor de vermouths e aperitivos + DJ sesión
 20.00 Trás San Fiz de Solovio: **LA PLATA** (pop-punk)
 Donaval (Zona C): **Romaria Cumbieira**
 19.00 Gastro-zona "comidas do mundo", obradoiros infantís,
 21.30 **SPROCKET DJ** (rock zulú, caribbean, afrodisco) +
 20.00 **DJ NAJIF** - Cali, Colombia (champeta, cumbia, afrocolombiano, afrolatino)

SÁBADO 12

- 13.30 Vía Sacra: Sesión vermú **ESTEBAN & MANUEL** (cumbia, merengue, latino)
 20.00 Vinxe da Cerca (Momo): **CYGNE** - California (folk americano)
 22.00 A Quintana (Literarios): **FLAMENCO TRANSLATIONS QUINTETO** (flamenco, flamenco-jazz)

LUNS 14

- 20.00 Praza dos Gatos: **OS D'BAIXO** (música tradicional)
 22.00 San Paio de Antealtares: **NOE GONZÁLEZ & GRUVILLA** (soul, funk)



PROGRAMACIÓN

MAIRES 15

14.00 a 21.30 Trás San Fiz de Solovio: **MÁIS LUME KOLEKTIVE** (soundsystem, dub)
22.00 Praza de Feixóo: **QUARIS** (jazz / cuarteto)

MÉRCORES 16

20.00 Rúa de Xelmírez: **ZUME DE MIOLO** (punk rock)
21.30 Praza de Cervantes: **KOMÓDO** (rock, blues, funk)
+ **ESPIÑO** (pop, psiquedelia, folk rock)

XIUVES 17

20.00 Vía Sacra: **KACLA ROWAN BAND** (celtic fusion, folk) - Escocia
22.00 Praza de San Martiño Pinarío: **INDI TUMBITA & THE VOOODOO BANDITS** (ska, rock) +
MOJO EXPERIENCE (soul, blues, rock)

VENRES 18

13.30 Rúa das Orfas: Sesión vermá **THE NEIGHBOUR** (latin-soul)
20.00 Praza de Abastos (Santo Agostiño): **HAEMA** - Lisboa (jazz, electrónica)
22.00 Tras Galomé: **AYATOLLAI** (pop)

SÁBADO 19

13.30 San Paio de Antecaltares: Sesión vermá **HAEMA** - Lisboa (jazz, electrónica)
20.00 Virxe da Cerca (Xardín do Momo): **NEDDA** - Caliza/Portugal (pop, trip-hop, jazz)
22.00 Praza de San Paio de Antecaltares:
ANIHREFA AND THE BLACK CATS (blues, funk, soul)

DOMINGO 20

20.30 apertura portas / 21.00 comezo concerto **1906**
Praza da Quintana: "Unha noite para Angus"
BANDA DAS CRECHAS + TANXUGUEIRAS
+ **SHIOGLENITY** - Escocia (celtic fusion, folk-rock)
Entrada anticipada 12€. Entrada na billeteira 15€.
(En caso de lluvia consultar WEB e FACEBOOK)

LUNS 21

18.30 Praza de Feixóo: **LEIRA 4** (jazz) + **ESPIÑO** (pop, psiquedelia, folk-rock)
22.00 Praza dos Galos: **MICHELLE ALANY AND THE MYSTICS** - USA (balcánico, sefardi, gypsy jazz)

MARTES 22

20.00 Praza de Abastos (Santo Agostiño): **LOS ÁRBOLES** (POP-ROCK)
22.00 Praza de San Martiño Pinarío:
FFSTA HIP-HOP: FRIN, KOTTO, BENDI NUF e SR CARILIO

MÉRCORES 23

13.30 Praza de Cervantes: **TANXUGUEIRAS** (música tradicional)
20.30 Praza de Mazarelos: **LOS JINETES DEL TRÓPICO** (meztraxe, ska) + **NOF GONZÁLEZ & GRUPO 11A** (soul, funk) + D.J sesión
22.30 Praza de San Paio de Antecaltares: **FLIP CORALE Y LOS MACABROS** (folk rock)
24.30 Vía Sacra (Casa das Crechas): **SCRATCHY SOUNDS** (Dj) - Inglaterra
(rhythm&blues, rockabilly, latin, ska, gypsy)

PROGRAMACIÓN

XOVES 24

- 13.30 Praza de Cervantes: **DRUA** (música tradicional)
 21.00 San Paio de Antealtares: **MONGREL STATE** - Irlanda (rock sureño, folk-rock)
 22.30 Trás San Fiz de Solovio: **BOYANICA KOSTOVA** (trap, electrónica, rap)

VENRES 25

- 13.30 Praza de Feixón Sesiión vermú **A CIMBANCHA DE LA MARTINIANA** (rancheras, Huapangos, corridos norteños)
 20.00 Rúa das Orfas: **PAH O SHIANE & JOSÉ MANUEL DÍAZ** (jazz)
 19.00 Bonaval (Zona C) Romania Rock & Roots
 Gastro zona "comidas do mundo", obradoiros infantís
DJ RULASSIE SELEKTAH (reggae, ska) +
 21.30 **SCRATCHY SOUNDS (DJ)** - Inglaterra (rhythm&blues, rockabilly, latin, ska, gypsy)
 22.00 Rúa de Xelmírez: **THE SLOW BASS** (ska, reggae, rocksteady)

LUNS 28

- 20.00 Vía Sacra: **LUIZ CARACOL** (músicas portuguesas)
 22.00 Tras Salomé: **PUMA PUMKU** (rock, psiquedelia)

MARTES 29

- 21.00 San Paio de Antealtares: **VATAPÁ** (swing, bossa, blues)
 22.30 Vinxe da Cerca (Momo): **NOE BLACK & THE BANG BAND** (rock n' roll)

MÉRCORES 30

- 20.30 apertura portas / 21.00 comezo concerto **1906**
 Praza da Quintana "Camiñar sen fin. Concerto para NARF"
Entrada 1€. (En caso de chuvia consultar WEB e FACEBOOK)

OFF Feito a Man (outros contidos ao vivo)

- DOMINGO 6** ás 20.30 Praza dos Galos: **CONCERTO SORPRESA**
VENRES 11 á 1.30 noite Rúa das Rodas (Fraggle Rock):
SPROCKET DJ (rock zulú, caribbean, afrodisco)
DOMINGO 13 ás 22.00 Praza de San Martiño Pinario:
FUNK & SOUL AO VIVO (banda)
MÉRCORES 16 ás 13.30 Rúa Nova (Moha): Sesiión vermú
IRIS PISOS (música tradicional)
VENRES 25 á 1.30 noite Rúa das Rodas (Fraggle Rock):
DJ RUI ASSIS-SELEKTAH (reggae, ska, dancehall)
SÁBADO 26 18.00 a 21.00 San Paio de Antealtares:
GRADIN VS MUY TRANQUILLO (DJ) (sesión)
 ás 21.00 Praza de Salvador Parga: **DJ FURIA DE LIMOTEI**
 ás 22.00 Praza de San Martiño Pinario: **FUNK & SOUL AO VIVO** (banda)
DOMINGO 27 ás 22.00 Trás San Fiz de Solovio: **ALDO ASALIO** (hip hop)

ARTISTAS



GOLD & COLT

Gold&Colt son o referente do folk americano en Galicia, unha banda que nos fará viaxar alén do Atlántico. Nos seus directos pódese apreciar o seu bo gusto polo son acústico, no que non faltan instrumentos típicos da cultura americana, como o dobro, o banjo ou o cigarbox-guitar. No ano 2016, o grupo realizou máis de corenta concertos actuando nas salas e festivais máis importantes de Galicia, como a Sala Karma, Aturuxo, Sala Son, Son Rías Baixas, Surfing The Lerez Festival... E neste 2017 publicarán o seu segundo LP.



QUIQUE ESCAMILLA

Este músico de CHIAPAS atopou no seu país de adopción, CANADÁ, un lugar nos mellores festivais e teatros, consolidándose como unha das grandes figuras da world music. A súa música é o resultado de misturar o rock cos ritmos populares mexicanos, como o huapango ou a ranchera, sempre acompañados dunha forte mensaxe política de apoio á loita Zapatista, aos dereitos humanos, á liberdade e á igualdade.



KYEKYEKU

Chega desde Accra (Ghana) (pronunciado 'checheku'), un músico que mestura as músicas tradicionais do oeste africano (Palmwine) con blues, highlife e afrobeat tocados con guitarra acústica e percusión.

Kyekyeku foi definido pola CNN como un "mago coa guitarra" e pola BBC como un "guitarrista fabuloso". Tamén a Forbes Africa di del que "é o pequeno príncipe do Palmwine". A súa música tráenos o mellor do palmwine mesturado con highlife e o afrobeat. Agora está en plena xira europea.



VALENTÍN CAAMAÑO TRÍO

Valentín Caamaño Tubío é un guitarrista, vocalista e compositor nado en Compostela. A súa carreira musical comeza en distintas formacións como Clan Moriarty, Space Drapes, Southbound ou Francis Kaners.

Co seu proxecto de Valentín Caamaño Trio presenta unha proposta de jazz que entronca coa tradición do estilo, pero a través da súa persoal relación con el e co seu instrumento. Nesta ocasión, contará coa colaboración de dous músicos excepcionais, de ampla experiencia no panorama jazzístico: Alfonso Calvo ao contrabaixo e LAR Legido á batería.



LOIROS

É o novo proxecto do baterista Héctor Agulla e o guitarrista Virxilio dá Silva, habituais da escena musical galega. Nesta ocasión, sen perder de vista o Jazz, mergúllanse nunha peculiar mestura estilística que vai desde os clásicos impresionistas a melodías Pop, sendo o Post Rock, o Grunge e o Rock Progresivo a columna vertebral do cuarteto. Completan a formación o tamén guitarrista Wilfried Wilde e o baixista alemán Felix Barth.



A COMPAÑÍA DO RUIDO

Con máis dunha década de historia ás súas costas, conta con seis discos no seu haber. Actualmente está traballando na consecución do proxecto musical “O Punchi must go on”.

“A Compañía” está integrada por cinco persoas con diferentes traxectorias musicais que dan vida a unha orixinal mestura de estilos. Música, baile, retransca, divertimento e ritmo son os eixes principais do espectáculo.

Destaca a súa musicalidade á hora de combinar a música, o baile, e a instrumentación tradicional galega cos distintos folklores do mundo.



PARDO

Despois de formar parte de bandas como The Allnight Workers ou The Loveless Cousins, Néstor Pardo cólgase a guitarra eléctrica para emprender o seu proxecto máis persoal, PARDO.

Baseado nas súas dispares influencias entre o early jazz, o folk americano, o blues e as músicas de raíz, decide rodearse de grandes músicos que lle acompañan na súa andaina co piano, a batería e o contrabaixo.



KAMANKOLA

Grupo cubano de música alternativa, que fai unha intensa fusión de xéneros como a rumba, o jazz, o hip hop ou o funk.



TRIFASIC BAND

Trío ecléctico que ofrece un amplo abanico musical de versións instrumentais e cantadas do mellor pop, funk, rock ou soul. O seu tres integrantes destacan pola enerxía e destreza con que abordan cada unha das súas interpretacións.



FRITANGA

Trío formado por Pablo Sax (saxos + electrónica), LAR Legido (batería e obxectos sonoros) e David Santos (baixo eléctrico), que practican un free jazz rabudo en base a liberdade na improvisación que o momento da mesma precisa, sen concesións, e abertos ao mesmo tempo a beleza dos silencios e os sons que a vida amosa. Fritanga é unha experiencia única e irrepetible.



ANDHREA & THE BLACK CATS

Andhrea & the Black Cats é un trío de blues compostelá que reinterpreta clásicos do xénero dos anos 40, 50 e 60. O repertorio comprende temas de Robert Jonson, Muddy Waters, Son House... Tanto a escolla dos temas como a forma de arranxalos e interpretalos fai que os concertos deste trío sexan dinámicos e divertidos.

Andhrea Morant é a cantante e que tamén fai as labores de percusión miúda e os Black Cats son Benjamín Vázquez na guitarra e Ramón Figueira na harmónica.



HOT CLUB OF SPAIN

É unha formación encadrada no mundo do jazz que interpreta un estilo que posúe unha personalidade moi propia, o Jazz Manouche, un estilo inspirado na herdanza musical dos manouches, é dicir, dos xitanos de Francia e Centroeuropa. O jazz manouche é unha mestura do jazz americano dos anos 30, o Music Hall francés e o folk dos países do leste de Europa. Posúe un lánquido e seductivo "feeling" caracterizado por cadencias, ritmos e tempos rápidos.

Está formado por Juan Arenales "Sandman", Titi Bamberger, Alberto Penoucos, Karin Van Kooten e Enrique Lafuente.



PABLO SANMAMED TRÍO

Comenza a funcionar no 2015, este trío presenta un repertorio integrado por unha maioría de composicións propias como unha revisitación de obras de compositores coma o exipcio Ibrahim Al Aryan (Samai Bayati) ou Ariel Ramirez (Alfonsina y el mar).

Este trío esta integrado polo contrabaixista Pablo Sanmamed, o pianista Iago Mouriño e o batería Bruno Couceiro. En outubro deste ano publicarán un disco con este proxecto, gravado e misturado por Ramón Campos.



ZAPA!

Zapa! é un trío de rock formado en Compostela por músicos de tres xeracións. Iníciase en 2015 ao redor das composicións de Martin Zapata (ex Ruxe-Ruxe ou The Fabulous Resaca Brothers), guitarrista e cantante. Con Fran Facal (ex Dr. Gringo ou Bakin Blues Band) á batería e Jacobo García (Sinestesia, Néboa) ao baixo, dan forma a un rock potente e denso que nos leva desde o son dos 70 ata o stoner actual.

Na súa primeira gravación (Igual es diferente, 2017) denuncian a contaminación do mercantilismo no cotiá, o amor e a arte, amosando reacción contra o esmagador do falso e do aparente en cinco exemplos de furia transformada en celebración catártica.



MOJO EXPERIENCE

Esta "Explosive Blues Band" caracterízase por ter un son que mestura o blues co hard rock, o funk e o soul. Cunha base rítmica de alta voltaxe e unha liña frontal incombustible ten por costume crear un directo impredecible e cheo de enerxía, que combina algunha versión con temas propios.



ALÓ DJANGO TRÍO

Aló Django Trío é un proxecto galego que busca a inspiración no jazz e na música dos xitanos “manouche” centroeuropeos: o chamado gypsy swing, un estilo, lírico, alegre e acústico cuxo máximo representante é o mítico guitarrista Django Reinhardt.

Ademais Aló Django é un show divertido máis alá do estrictamente musical, coa presenza do claqué e a interacción cómica co público, enfiando así música con xéneros escénicos de entretemento como o cabaré ou o music-hall, de onde veñen parte dos seus integrantes.



GARCÍA MC & NACIÓN QUILOMBO

É un referente do Rap en Galicia que está a lanzar sinxelos con videoclip dende comezos de 2017. Ten alma de comunicador, de divulgador e de embaixador cultural ademais de ser educador independente impartindo obradoiros e conferencias de cultura Hip Hop dende fai máis dunha década.

Ten a súa pegada en dúcias de discos de grupos eclécticos da música galega contemporánea. Musicou poemas de Celso Emilio Ferreiro en clave rapeira e formou parte de Dios Ke Te Crew e a Banda Fura Fura (Homenaxe ao Zeca Afonso).



SOM DO GALPOM

Grupo orixinal e heteroxéneo que mestura diferentes estilos musicais; a súa particular aposta vai dende o funk ata reggae pasando polo rap! Rap orgánico lle chaman... Veñen dende A Moninha, unha aldea perto de Compostela, e levan uns cantos anos percorrendo Galiza e a Península amosando o seu directo!

A súa discografía está composta por dous traballos de estudo: ‘Em terra de ninguen’ e ‘A Galinha de Troia’. Na actualidade voltan aos palcos despois dunha breve paréntese e con máis enerxía ca nunca.



BRINKADELIA

Desde terras galegas e para toda a galaxia: Unha nova explosión de son e enerxía positiva, unha reacción en cadea que ameaza con sacudir a mecánica dos vosos corpos cun forte ¡BOOM! de ritmo triturador e boas vibracións. Brinkadelia fan ska, reggae, cumbia, latin, funk, rock, balkan e cachapán.



LA PLATA

La Plata é un conxunto musical que fai synth-pop-punk formado na cidade de Valencia por Miguel Carmona (Batería, Teletexto, Poder Absoluto, Thee Vertigos), Salvador Frasquet (Guitarra solista), María Gea (Guitarra Baixa, Alfa-Estilo, Carmonas), Patricia Ferragud (Sintetizador) e Diego Escriche (Guitarra/Vocalista, Acapvlco, Alfa-Estilo, Hyper Clear) en 2016 tras a primeira gravación en 2015 como proxecto paralelo de Escriche.



ESTEBAN & MANUEL

Esteban & Manuel son un dúo como os de antes, pero agora. Cunha caixa de ritmos, un teclado e unha guitarra combinan no seu directo diversos ritmos latinos como a cumbia ou o merengue. Esteban & Manuel acaban de gravar o que será o seu primeiro LP, "La banda sonora de tu día a día", que xa se pode escoitar en numerosas plataformas dixitais. Música eterna, para todos os públicos, para sorrir, para conquistar, para bailar...



TRANSLATIONS QUINTETO

Repertorio de músicas afluencadas de distintos autores e músicas; desde John Lennon ata Charles Mingus por bulerías, fandangos, tangos... Éste quinteto é unha extensión do Translations Trio, que xurde despois da publicación do disco FLAMENCO TRANSLATIONS de Marcos Teira.

Utilizando os ritmos flamencos e a liberdade do jazz para adaptar e reubicar clásicos nunha paisaxe nova e suxerente... Non é flamenco, tampouco é jazz; é as dúas cousas e non é ningunha delas...

Con Alejandro Vargas, Isaías Salazar, Alfonso Calvo, Moisés Fernández e o propio Marcos Teira



CYGNE

Chega desde California cantautora con fermosísima voz que se botou polo mundo adiante coas súas cancións. O seu último álbum, 'Let it breathe, tráenos esperanza e inspiración para tempos convulsos.



OS D'ABAIXO

Os d'Abaixo presentan 'Quixera ser dos paxaros', o seu segundo disco, primeiro de estudio, composto por temas inéditos provintes dun gran traballo de investigación, ao que tamén se adica a banda. Un disco máis intimista onde o compoñente estético ten moito peso, tanto na coidada selección de letras como no deseño gráfico e a fotografía.

Os d'Abaixo son Gom Goás, Quim Farinha, Roberto Rama, Xosé Ramón Vázquez, Richi Martín e Xacobe Varela.



NOE GONZÁLEZ & GRÜVZILLA

Este proxecto ven sendo unha proposta de funk e soul con moita forza das mans de coñecidos e reputados artistas das escea galega coma Noe González (Cats and Monkeys), Grüzzilla e Adrián Solla.

No repertorio, grandes nomes como Stevie Wonder, Aretha Franlyn, Sly and the Family Stone, Funkadelic, Incognito, Erikah Badu, Lyn Collins e Jose James dan a dirección dos ventos e promete facer bailar ao público de todas as idades e facer a festa transmitindo moitas sensacións e sentimentos.

Con Noe González, Paulo Silva, Antón Torroncho, Luke Jennings e Adrián Solla.



MÁS LUME KOLECTIVE

Maislume é un colectivo de reggae/dub fundado en 2014 coa intención de difundir a cultura SOUNDSYSTEM mediante a produción e difusión de eventos relacionados con este movemento en Santiago de Compostela. Son os responsables de eventos pioneiros na cidade como o "Compostela Dub", as "Pon di Mic Nights" ou as "Dub Chronicles".



QUARKS

Quarks son partículas que interaccionan. Unha tripulación dunha nave sen retorno, que explora sen fin o cosmos musical creativo comunicándose telepaticamente. A bordo desta viaxe están grandes da música en Compostela: Javier Constenla, LAR Legido, Manu Paino e Iñigo Azurmendi.



ZUME DE MIOLO

Zume de Miolo é un grupo de Sarria formado a principio de 2016. Fan punk, rock, ska, rancheras... Gústalles facer música sen miramentos. Eles son Lois Rodríguez, Borja López, Iñaki López Campo e José Luis García "Pistón".



KOMÓDO

Post-Space, trap, soft synth reggaeton e psicodelia desde Vigo.



ESPIÑO

Espiño é novo proxecto musical de Alfonso Espiño (Contrastes, Mega Purple Sex, Toy Kit, Los Chavales), compostelán de 1976 ligado ao mundo da música dende hai máis de vintecinco anos. Alfonso afronta esta nova etapa abundando no eido do pop de corte psicodélico, adubiado con certas pingas de rock progresivo e un chisco de folk-rock. O músico santiagués amosará a súa faceta máis imaxinativa, apostando pola produción propia e o idioma galego.



KAELA ROWAN BAND

Kaela Rowan comezou a súa carreira en bandas folklóricas e festivais nas Terras Altas de Escocia. Kaela desde entón forxou o seu propio camiño único na escena musical escocesa. Ela é quizais mellor coñecida como cantante coa banda escocesa Mouth Music. A súa fermosa voz levouna a gravar e a cantar con Eliza Carthy Band, Karen Matheson, The Mike McGoldrick Band... Recentemente uniuse a Shooglenifty no seu aclamado sétimo álbum 'The Untied Knot'.

A banda de Kaela Rowan ten un enfoque musical único que é fresco e vibrante, pero totalmente respectuoso co material de orixe pero a verdadeira estrela do espectáculo é a voz de Kaela: ninguén xustapón o poder e a fragilidade dunha forma tan cativadora.



INDY TUMBITA & THE VOODOO BANDITS

Indy Tumbita & The Voodoo Bandits son unha banda perigosa de instrumentais que non dubidan en utilizar la maxia negra para poñerte do revés.



THE NEIGHBOUR

En The Neighbour (latin-soul) atoparás os altibaixos do día a día: o amor, o desamor, o sarcasmo, a alegría... en definitiva ese formigueo que todos levamos dentro e que che fará vibrar con cada compás.

Eles son Berta Aurora, Miguel Iglesias, Willie Botello e Hadri Rei.



HAËMA

HAEMA é música do fondo do mar, dos pantanos de cimentos e caos e dos cumes das montañas. Cruza o jazz con diversos universos musicais, sendo lugar de compartimentos infinitos que se ligan por grandes portas de madeira, sen corredores.

HAEMA nace en 2013 e é unha mestura de electrónica, dream pop e glitch, procura sempre o lado orgánico na creación ou redescoberta musical, moitas veces coa utilización de gravacións sonoras capturadas en ambientes reais.

Son Diana Cangueiro e Susana Nunes.



NEBOA

Néboa son un quinteto formado por músicos de Compostela, Arousa e Vigo. Despois de máis de catro anos estreamos o noso primeiro traballo, titulado 'Antes da tormenta'.

Un total de seis temas nos que tratan de buscar un punto intermedio entre as músicas que máis nos gustan: o trip-hop, o blues, o jazz, o pop... Néboa son Aloia López, David Puime, Jacobo García, Tomás Porteiro e Lucas M. Suárez de Centi.



OH AYATOLLAH

Unha das novas promesas do pop en galego. Teñen publicado o single 'Nunca Máis', no que contan coa colaboración do Hevi, unha das referenzas do hiphop galaico.



SHOOGLENIFTY

Shooglenifty formouse en 1990 por músicos das Highlands, da illa de Orkney e de Edinburgh. A súa idea era fusionar melodías tradicionais cos ritmos dunha chea de influencias contemporáneas. Habituais de festivais de world music de todo o mundo, en 2016 foron elixidos a mellor banda por parte da revista Songlines. Co seu sétimo disco, 'The Untied Knot', Shooglenifty ten xirado por toda Europa e Oceanía. En outubro de 2016 a banda perdeu ao seu violinista, o carismático Angus R. Grant, o que os levou a coller unha pausa na súa xira. Neste 2017 reagrupáronse e están a rodar un documental sobre a banda e a influencia de Angus na música escocesa dos últimos 30 anos. Ademais, gravarán o seu oitavo álbum de estudio na India.



BANDA DAS CRECHAS

A Banda das Crechas é unha selección de artistas galegos que tocan nas foliadas da Casa das Crechas. Na Banda conviven tres xeracións de artistas que se foron incorporando ao longo dos 28 anos de vida.

É un repertorio pensado para divertir, para bailar e para mostrar ao mundo a forza da enerxía creativa na música galega. No ano 2010 A Banda das Crechas sacou o seu primeiro disco titulado ABDC. Teñen tocado en palcos por todo o mundo, como o Festival de Ortigueira ou o Celtic Connections.



TANXUGUEIRAS

Sabela Maneiro, Aida Tarrío e Olaia Maneiro son tres extrovertidas e orixinais voces procedentes de Teo e do Barbanza que en xaneiro de 2016 dan un paso máis no seu soño de amosar na escena musical galega todo o aprendido, recollido e herdado das nosas avoas, dándolle vida ao proxecto Tanxugueiras.

A simpatía, enerxía e forza de Tanxugueiras sobre o escenario non pasa desapercibida, e durante este tempo xa contan con colaboracións con artistas da talla de Xabier Díaz ou coa Banda das Crechas no coñecido *Festival Celtic Connections* de Glasgow.

LEIRA CATRO



LEIRA CATRO

Cuarteto de jazz formado por Ana Leira (voz), Iago Mourinho (piano), Alfonso Calvo (contrabaixo) e Miguel Queixas (batería). En abril deste ano editaron o seu primeiro traballo, 'Heroe'.



MICHELLE ALLANY & THE MYSTICS

Banda procedente de Estados Unidos que fan música balcánica, klezmer, jazz manouche e música sefardí. Formada por Michelle Alany (violín e voz), Scott Stobbe (guitarra), Shirley Johnson (acordeón) e Janie Cowan (contrabaixo).



LOS ÁRBOLES

As Árbores son un grupo de pop/rock galego que comezou a xestarse a finais de 2010 case por casualidade. Formado por Alexandro González (Guitarra, piano e voz), Alberto Barreiro (Baixo e coros), Marcelo Pedredo (Guitarra), Martín González (Sinte e coros) e Alberto Dopico (Batería), teñen publicados dous traballos e estiveron tocando practicamente sen interrupción tanto en festivais como en salas de ámbito estatal (Festival da Luz, Festival Sereas e piratas, Festival Romaría Pop, Festival de Cans, Sala Siroco, Sala Capitol...).



LOS JINETES DEL TRÓPICO

Cancións con esencia tropical e coa forza e o salvaxe do directo, que é o seu forte. Teñen editados tres EPs: 'Frenétiko', 'Folerpas' e 'Sonido rebelde'.

Este proxecto, creado en 2015, está formado por Toñyto García, Laura Solla, DJ Nemetrón e Mike Spinelli.



FLIP CORALE Y LOS MACABROS

Banda de folc-rock garaxeiro e acústico de temática mariñeira, taberneira, cervexeira e filibusteira, procedente das Rías Baixas e na tradición das bandas clásicas anglosaxoas (Rolling Stones, Kins, Powes, Waterboys...). Temas propios e versións levadas ao seu terreo, cantadas en galego, español e inglés dun xeito coherente e ben empastado que demostran en directos vigorosos, suorentos, románticos e cervexeiros.

Eles son Arturo Delgado, Pedro Berbel e Carlos Pedrosa.



CHOCOLATE BAND

Chocolateband é un grupo compostelán de versións dedicada a repasar en directo os mellores clásicos da historia do rock and roll e do soul.



SCRATCHY SOUNDS

Este DJ inglés tráenos unha selección de rhythm&blues, rockabilly, latin e gypsy.



BRUA

Brua é unha nova formación folk formada a principios do 2016 en Compostela. Os seus compoñentes son Xabier Agra (flauta), Cibrán Seixo (violín), Gumer Freire (mandolina, bouzouki), Roi Sampedro (guitarra) e Manuel Carballada (percusión). Posteriormente incorpórase Xacobe Varela a voz, bouzouki e gaita.

A súa música está baseada en composicións propias e no folk galego e asturiano principalmente aínda que no seu repertorio non faltan temas irlandeses, escoceses ou bretóns. O grupo formouse a partir das sesións no pub A Gramola.



MONGREL STATE

Banda fundada en Dublín en 2015 que fai south-western rock. Presentaron o seu primeiro disco, 'Mestizo', en 2016. Tenhen un directo moi potente e moi traballado.

Desde rockabilly ao rock pasando por ritmos latinoamericanos, pero o que os fai únicos é o lume, o compromiso e a enerxía dos seus directos. Eles son Claudio Mercante, Darren Flynn, Sebastian Jezi e Guillermo González Rodríguez.



BOYANKA KOSTOVA

Está considerado como o primeiro grupo de trap en galego. A súa música é universal e non poderás parar de bailar ao son dos seus ritmos hipnóticos e o seu flow costumista. A banda demostra en cada directo que só vai a máis. O seu primeiro disco sairá neste 2017 e, mentres, non deixan de deleitarnos cos seus novos vídeos.



LA CUMBANCHA DE LA MARTINIANA

Música 100% mexicana. Non son mariachis, son un trío acústico de música mexicana tradicional e contemporánea, interpretando cancións de temas revolucionarios, de amor e desamor, anécdotas da vida cotiá que se cantan co corazón para curar as penas de vivos e rimos da muerte. Temas interpretados en castelán e zapoteco (lingua indíxena).

Alejandro Nuricumbo – voz e guitarra
 Javier Kniffki – voz e guitarra
 Emilio Iniesta – percusións
 Israel Ruiz – guitarra



PABLO SEOANE & JOSE MANUEL DÍAZ

Dous grandes do jazz galego: Pablo Seoane (piano) e o cubano de orixe José Manuel Díaz (contrabaixo). Este dúo de jazz presenta un repertorio que levamos xa certo tempo tocando e probablemente gravemos en breve. Os dúos son formacións moi interesantes porque permiten un tipo de comunicación sutil entre os músicos que a miúdo se perde en formacións máis grandes.



THE SHOW BASS

Banda formada en Santiago de Compostela, composta por catro compoñentes: Baixo-Diego, Guitarra-Pablo, Bateria-Fran Trilli e Voz-Nerea.

As principais influencias da mesma veñen da música xamaicana, de estilos como o ska, rocksteady, reggae e rhythm & blues, realizando un percorrido polos clásicos de estos estilos en cada actuación. Ademais no repertorio contan con temas de soul e música cubana levados á linguxe xamaicana.



LUIZ CARACOL

O cantautor portugués Luiz Caracol é un dos valores emerxentes da música do país veciño. Ten colaborado con grandes da música lusófona como Sara Tavares, Jorge Palma, Pierre Aderne, Aline Frazão, Susana Travassos, Manecas Costa, Uxía ou Tito Paris. Foi un dos protagonistas da última edición de Cantos na Maré.

El define a súa música como “o reflexo do que eu son e da miña orixe: a mestizaxe, a urbanidade e a mestura”. Publicou o seu primeiro disco en 2013, ‘Devagar’.



PUMA PUMKU

Puma Pumku é unha banda que ve a luz no ano 2013, coa publicación do seu primeiro EP, *Puma Pumku* (Seara Records, 2013). Despois dunha exitosa campaña de Crowdfunding a banda consegue editar o seu primeiro LP, que levará por nome *Is it in you?*. Estes traballos levan á banda a xirar por toda a península tocando en numerosos festivais como WOS, Milhoes da Festa, Osa do Mar...

Actualmente e logo dun ano de letargo atópanse gravando o que será o seu segundo traballo.



VATAPÁ

Formado por cinco músicos de traxectorias moi diferentes, Vatapá-quinteto inicia a súa andaina en 2015 a partir da colaboración casual entre o guitarrista Antón Casal e a cantante Beatriz Míguez. Non tardarán en unirse a clarinetista Marta Sancho e o percusionista Javier Buján, completando a formación definitiva coa incorporación do contrabaixista Oscar Rodríguez.

Malia súa curta traxectoria, Vatapá-quinteto caracterízase por un divertido directo, no que interpretan temas clásicos da música americana da primeira metade do século XX, principalmente bossa nova, blues e swing.



NOE BLACK & THE BANG BAND

Trío compostelán capitaneado por Noe Black que nesta ocasión presenta novo proxecto no que reinterpreta algúns dos grandes éxitos do rock n'roll americano dos anos 50.

Acompañada por Javi Bermejo á guitarra e Curro Marcos nas percusións, conseguen sorprender dándolle unha volta de porca máis que interesante a eses clásicos que moitos xa coñecíades. Un directo divertido e máis que recomendable. Presentarannos o seu primeiro disco "Rock n' Roll Airlines".